

NUMAX NA ESCOLA 2021/2022



EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA

NUMAX na Escola renova a súa oferta de proxeccións educativas para os cursos de infantil e primaria cun catálogo repleto de obras de prestixio internacional adaptado aos currículos educativos vixentes e estruturado en base ás idades recomendadas de visionado.

- 📖 Cada sesión vai acompañada de **materiais didácticos** (unidades, actividades, making of) que faciliten o traballo na aula antes e despois da proxección.
- 🗣️ O día da sesión haberá unha **presentación en sala** a cargo de persoal especializado de NUMAX.
- 🕒 **Horario:** De **luns a venres** en sesión matinal, preferentemente de **10:00 a 12:00** horas.
- 💰 **Prezo:** **4€ por alumna/o**, a tarifa mínima do Cinema NUMAX.
- ✅ NUMAX conta todos os **protocolos** de ventilación, limpeza e distancia interpersonal para garantir a total seguridade da actividade.



Incorporacións
ao catálogo
para o curso 2021/22



PASO A PASO

VV.AA., 45 min, VE

Seis historias poéticas, tenras e divertidas que narran as peripecias dun neno de cartón que vive no océano, un home que descolga a lúa ou uns animais asustados por un estraño ruído.

👉 Descubrimento / Natureza / Creatividade




PEQUENOS HEROES

VV.AA., 60 min, VE

Sete relatos protagonizados por heroes cuxa misión é superar con valor e creatividade os retos do seu día a día.

👉 Tráballo en equipo / Respecto á diferenza / Crecemento




O CORAZÓN E A BALEA

Max Lang / Daniel Snaddon, 57 min, VE

Con espírito inquieto e ganas de descubrir mundo, un pequeno caracol embárcase nunha viaxe, na cola dunha balea a través dos mares. Pero un día, a balea perde o rumbo e remata varada nunha afastada baía. Como vai facer o pequeno caracol para rescatala?

👉 Natureza salvaxe / Amizade




O AGASALLO DE MOLLY MONSTER

Ted Sieger, 70 min, VOSE/VE

Molly sempre foi a máis pequena da familia... até o de agora. Unha road-movie sobre o que supón converterse en irmá maior.

👉 Crecemento / Solidariedade



O NADAL DO HOMERAMA

Jeroen Jaspaert / Daniel Snaddon, 60 min, VE

O Home Rama adéntrase nunha épica aventura que o levará moi lonxe da casa. Volverá a tempo para celebrar o Nadal cos seus? Beseado no bestseller de Julia Donaldson, referente da literatura infantil.

👉 Nomeado aos Oscar
👉 Literatura / Nadal / Aventuras




ZOG, DRAGÓN E HEROÍNAS

VV.AA., 60 min, VE

Catro divertidísimas historias protagonizadas por nenas valentes e imaxinativas.

👉 Nomeado aos Oscar
👉 Igualdade / Creatividade



IMOS CAZAR UN OSO

Joanna Harrison / Robin Shaw, 59 min, VE

Cinco irmáns aproveitan que seus pais non están en casa para saír de aventura. Atravesan verdes pastos, cruzan un río, adéntranse nun bosque escuro... Ningún deles teme que apareza o oso.

👉 Ecoloxía / Fraternidade



ZIBILA E O PODER DAS RAIAS

Isabelle Favez, 55 min, VE

Zibila é unha ceبرا adoptada por unha familia de cabalos. No seu primeiro día de escola os seus compañeiros rin dela por ter raias, pero grazas a unha grande aventura ha recuperar a confianza.

👉 Natureza / Diversidade



O GRÚFALO

Jakob Schuh / Max Lang, 55 min, VE

Un ratiño pasea polo bosque cando se atopa cun raposo, un moucho e unha serpe tan fementos coma el. O ratiño declina os seus convites porque ten unha cita co grúfalo. Pero, que é un grúfalo?

👉 Nomeado aos Oscar
👉 Natureza / Adaptación de Julia Donaldson / Aventuras



ANIMALADAS DE CINEMA

VV.AA., 40 min, VE

Delirante adaptación de fábulas populares como *O corvo* e *o raposo* levadas á gran pantalla con sentido do humor e enxeño.

👉 Actualización de fábulas clásicas



A GALIÑA TURULECA

E. Gondell / V. Monigote, 80 min, Galego, VG

Turuleca é unha galiña singular. O seu peculiar aspecto e a súa imposibilidade para poñer ovos desata as burlas do resto do galiñeiro. Un día descobre o seu gran talento oculto: Turu non só pode falar, senón que canta como xamais se oíu cantar a unha galiña!

👉 Música / Solidariedade




O BOSQUE DE HAQUIVAQUI

Rasmus A. Sivertsen, 75 min, VE

Claus, un rato algo trasto, vive feliz no bosque de Haquivaqui sorteando con habilidade o raposo Marvin e outros depredadores. Xunto ao seu amigo Morten deciden redactar unha lei para solventar o problema.

👉 Premio do Público El Meu Primer Festival
👉 Adaptación literaria / Imaxinación



AS NOVAS AVENTURAS DE TOUPIÑAS E MANCHIÑAS

Uzi e Lotta Geffenbald, 44 min, VE

Toupiñas e Manchiñas tentan cocinar, van ao circo, recollen cogomelos, organizan a festa de Aninovo... pero nada sae como tiñan previsto.

👉 Amizade / Aventuras



NEVE E AS ÁRBORES MÁXICAS

VV.AA., 50 min, VE

Catro historias curtas protagonizadas por un neno perguiceiro, unha nena e a súa tea máxica, unha árbore que bota a andar e unha excursión interrompida por unha tormenta de Neve.

👉 Amizade / Diversidade



A RATA PIRATA

VV.AA., 55 min, VE

Seguimos as aventuras da rata pirata, o bandido máis larpeiro que existe, xunto a tres curtas sobre a aventura de medrar.

👉 Premiado en Toronto e Nova York
👉 Aventuras / Aprendizaxe



A INCRÍBEL HISTORIA DA PERA XIGANTE

Philip Einstein Lipski / Jørgen Lerdam / Amalie Næsby Fick, 80 min, VE

Unha cálida e fantástica aventura chea de artefactos mecánicos que fará as delicias de pequenos e maiores.

👉 Premio Europa Junior Festival de Sevilla
👉 Adaptación literaria / Imaxinación




GORDON & PADDY

Linda Hambäck, 62 min, VE

O xefe de policía do bosque Gordon está a piques de retirarse e ten que atopar un substituto. Paddy, unha intelixente ratiña, semella ser a candidata axeitada.

👉 Amizade interxeracional / Intercambio de coñecementos



O VENTO ENTRE AS CANAS

VV.AA., 62 min., VE

Cinco extraordinarias aventuras sobre a liberdade, con músicas orixinais, heroínas sorprendentes e unha calidade gráfica extraordinaria.

👉 Premios en Annecy, Taiwan e Stuttgart
👉 Liberdade / Tolerancia



FRANZ E O DIRECTOR DE ORQUESTRA

Uzi e Lotta Geffenbald, 46 min, VE

Franz acompaña a seu pai, director de orquestra, a un campamento musical. Gustaríalle tocar un instrumento pero é moi pequeno. Aventuras, risas e bágoas uníranse arredor da música.

👉 Música / Compañeirismo




A SOPA DE PEDRAS

VV.AA., 40 min, VE

Unha ollada alternativa aos contos tradicionais: un neno que non dorme e conta ovellas, a aventura de vestirse pola mañá ou a secreta receita da sopa de pedras.

👉 Orixinalidade / Creatividade



PIPPI E O SEÑOR SEN SONO + A VIAXE DE BU

VV.AA., 54 min, VE

Este ano todo vai mal. Na vida de Pippi apareceu un irmanciño que o pon todo patas arriba. Coa axuda do seu amigo imaxinario, o señor sen sono, crean un plan para salvar as vacacións de Nadal. Como viven os nenos e as nenas a chegada dun novo irmán?

👉 Irmandade / Nadal



ÁGATA, A MIÑA VECIÑA DETECTIVE

Karla Bengtsson, 77 min, VE

Agata Christine, de 10 anos, é unha apaixonada dos misterios. Tanto que creou unha axencia de detectives privados no soto da casa a onde acaba de mudarse coa súa familia. O seu primeiro misterio levaraa a un asunto moito máis complicado do que agardaba.

👉 Agatha Christie / Misterio



A REBELIÓN DOS CONTOS

VV.AA., 58 min, Inglés, VOSE/VE

Adaptación moderna e politicamente incorrecta do *best-seller* de Roald Dahl.

👉 Nomeado aos Oscar
👉 Adaptación satírica



DÍA DE FESTA

Jacques Tati, 81 min, VOSE, 1949

O pobo de Saint Sève dispone a celebrar unha gran festa. As rúas engalánanse e a terraza do café prepárase para o gran baile. Mentres repárase o correo, François tenta montar a cucaña, pero só consegue provocar catástrofes.

👉 Vida rural / Festas patronais



A VIDA DE CABACIÑO

Claude Barras, 66 min, Francés, VOSE

O filme de animación máis premiado dos últimos tempos conta a historia dun neno que, tras quedar orfo, entra nun fogar de acollida. Malia a difícil adaptación, fará grandes amizades.

🏆 Mellor Filme Animación Premios César

👉 Compañeirismo / Amizade / Superación da perda



JACOB, MIMI E OS CANS DO BARRIO

Edmunds Jansons, 70 min, Letón, VOSE

Un rico home de negocios empeza a excavar o parque central do pobo para construír un rañaceos. Para evitalo os intrépidos Jacob e Mimi contarán coa axuda dunha banda de cans que... poden falar!

👉 Xentificación / Especulación inmobiliaria



PHANTOM BOY

Alain Gagnol, Jean-Loup Felicioli, 84 min, Francés, VOSG

Leo é un adolescente enfermo interno nun hospital e ten un superpoder: saír do seu corpo e viaxar pola cidade de noite en busca do crime.

👉 Superación da enfermidade / Cinema negro / Cómic de superheroes



A FAMOSA INVASIÓN DOS OSOS EN SICILIA

Lorenzo Mattotti, 82 min, VOSE/VE

A historia de como os osos acaban invadindo Sicilia para recuperar o fillo perdido do Rei Oso é en realidade unha parábola sobre a colonización, a apropiación cultural e a utilización despótica do poder.

👉 Banda deseñada / Historia da arte



O MEU VECIÑO TOTORO

Hayao Miyazaki, 86 min, Xaponés, VOSE

Volve a maxia de Totoro, o filme que deu a coñecer a Hayao Miyazaki. Satsuki e Mei son dúas irmás que van vivir ao campo e entran en contacto co espírito do bosque.

👉 Fantasía / Anime / Natureza



O PRINCIÑO

Mark Osborne, 2015, 106', Francés/Inglés, VOSG

Fantástica aproximación ao clásico de Saint-Exupery. Unha obra visualmente asombrosa que mestura con mestría animación 3D e a artesanal técnica do stop-motion.

🏆 Mellor Filme Premios Annie / Sección Oficial Cannes

👉 Espírito de superación / Autocoñecemento / O valor das pequenas cousas



A MIÑA SEMANA EXTRAORDINARIA CON TESS

Steven Wouterlood, 84 min, Holandés, VOSE

Sam é un neno de 10 anos que vaixa coa súa familia a unha illa de vacacións. Alí coñece a Tess, unha moza peculiar que ten un plan para coñecer o seu pai biolóxico.

👉 Verán / Crecemento



TEMPOS MODERNOS

Charles Chaplin, 89 min, VOSE, 1936

Extenuado polo frenético ritmo da cadea de montaxe, un obreiro metalúrxico acaba perdendo a razón. Despois de recuperarse nun hospital, sae e é encarcerado por participar nunha manifestación na que se atopaba por casualidade.

👉 Traballo en cadea / Solidariedade



A VIAXE DE CHIHIRO

Hayao Miyazaki, 124 min, Xaponés, VOSE

Chihiro é unha nena que viaxa en coche cos seus pais. Logo de atravesar un túnel chegan a un mundo fantástico, no que só hai lugar para os deuses de primeira e segunda clase.

🏆 Oscar Mellor Filme Animación

👉 Obra mestra da animación mundial / A imaxinación ao poder



MARY E A FLOR DA BRUXA

Hiromasa Yonebayashi, 103 min, Xaponés, VOSE

Mary vive no campo coa súa avoa. Un día segue un misterioso gato até o bosque onde descobre unha vella vasoira e unha estraña flor que a levarán a unha misteriosa escola de maxia.

👉 Sucesor de Miyazaki / Imaxinación e bruxaría



FRITZI. UN CONTO REVOLUCIONARIO

Matthias Bruhn / Ralf Kukula, 90', ALE, VOSE / VE

Alemaña do Leste, 1989. O muro que divide o país en dúas metades está a piques de derrubarse. Fritzi, de doce anos, coída de Sputnik, o cadelino da súa mellor amiga Sophie, mentres ela está de vacacións coa súa familia en Hungría.

👉 Historia contemporánea / Amizade

NUMAX

🌐 numax.org/na-escola

✉ escola@numax.org

☎ 663 975 767 (Xan Gómez Viñas)